



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
AXENCIA TRIBUTARIA

CONVOCATORIAS PROMOCIÓN INTERNA

Como continuación da reunión da semana pasada sobre a promoción interna, a AEAT convocounos para dar resposta as as propostas da parte social que fixeramos sobre este tema. Pero, como xa era de esperar, quedou moi claro que esta xuntanza era unicamente para cumprir un trámite pois non se admitiu ningunha proposta da parte social e só quedou pendente de estudo a posibilidade de que, no terceiro exame do CTH o tema a desenvolver sexa por sorteo e non a proposta do tribunal. Está moi claro que que esta reunión foi simplemente un "paripé" e que, en realidade, as convocatorias de promoción interna xa están asinadas e enviadas ao BOE (pois se publican o vindeiro 7 de xullo).

Entre as propostas para a mellora dos procesos selectivos que fixo a parte social están as seguintes:

- Incluir na convocatoria para a promoción de Axentes Tributarios a posibilidade de que participen os Oficiais 1º de Administrativos e cambiar o formato do segundo exame a tipo test.
- Que se facilite un temario oficial, da AEAT, para todas as convocatorias de promoción interna, con actualizacións periódicas e constantes.
- Na promoción ao CTH, no terceiro exame, establecer a posibilidade de escoller o tema a desenvolver entre dous temas por sorteo e eliminar o trámite da lectura posterior do tema, pois non ten sentido pasar por ese mal trago pois pode que nalgunhas circunstancias a lectura prexudique ao opositor (nerviosismo..etc)
- Corpo Executivo de Vixilancia Aduaneira: que se manteña a orde dos exames tal e como estaban (agora a contabilidade pasa ao último exame). Este cambio prexudica aos que, por promoción interna, no superen a oposición, pois deben volver a examinarse de novo desta materia.
- Axentes Vixilancia Aduaneira: a idade mínima para presentarse non pode ser 16 anos, nin a máxima de 55. Tampouco está clara a titulación esixida para os Axentes Marítimos do SVA.
- Que se aclare nas distintas convocatorias, cómo penalizan as preguntas masl contestadas nos exames tipo test.
- Quixemos deixar claro, tamén, que as prazas que se convocan son para cubrirse e non fai falta endurecer unha oposición ata o punto de que o 67% das prazas convocadas queden sen cubrir (como pasou co Corpo Técnico na última convocatoria). Non se pide que se aprobe a ninguén sen os coñecementos necesarios pero sí que, na medida do posible, se cubran as prazas convocadas.

Achegamos, coa nota informativa, o cadro-resume coa información dos opositores que participaron na convocatoria do 2008 e teñen dereito á reserva das probas superadas.

A AEAT informou tamén, a petición nosa, dos prazos previstos para a toma de posesión dos funcionarios que participaron nos últimos procesos selectivos e, a súa resposta, textual foi..:"van para largo...". Os primeiros que tomarán posesión son os Técnicos Auxiliares de Informática (outubro/novembro) e o resto, como moi pronto, para xaneiro, pero non concretaron máis.

SEGUIREMOS INFORMANDO

01/07/09

CIG AEAT:
DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA
Télf.:981 61 68 89/687 82 15 44

OFERTA DE EMPLEO PÚBLICO 2008. APLICACIÓN BASE FOMENTO DE LA PROMOCIÓN INTERNA

		Nº opositores con derecho a reserva	Reserva de Ejercicio	Nº Opositores
SUBGRUPO A2	Cuerpo Ejecutivo del Servicio de Vigilancia Aduanera, especialidades de Investigación, Navegación y Propulsión.	6	2º Ejercicio	6
	Cuerpo de Gestión de Sistemas de la Admón. del Estado, especialidad de Administración Tributaria.	5	1º Ejercicio	5
	Cuerpo Técnico de Hacienda.	105	1º Ejercicio	24
SUBGRUPO C1	Cuerpo Gral. Admivo. de la Admón. del Estado, especialidad Agentes de la Hacienda Pública.	0	1º y 2º Ejercicios	81
	Cuerpo Técnico de Auxiliares de Informática de la Admón. del Estado, especialidad de Administración Tributaria	0	2ª Parte Ejercicio	0
		0	2ª Parte Ejercicio	0